

ASUNTO: LISTAXE TRIMESTRAL DE QUEIXAS E RECLAMACIÓNS DOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DO ANO 2017.

Vistas as solicitudes de reclamacións e as suxestións achegadas no período comprendido entre os meses de xaneiro a marzo do presente ano, ao abeiro do establecido no artigo 168 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra (Texto Refundido con modificacións publicadas no BOP núm. 208, de 2 de outubro de 2008, BOP núm. 47, de 10 de marzo de 2009 e BOP núm. 91, de 12 de maio de 2011). Emítese listaxe trimestral das reclamacións e suxestións tramitadas na oficina de información e atención ao cidadán, das que non foron admitidas a trámite e das tramitadas noutros servizos obxecto de seguimento pola dita oficina.

1. RELACIÓN DE QUEIXAS TRAMITADAS NA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN.

Núm.	EXPT.E.	SERVIZOS	TRÁMITES	SOLUCIÓNS
1	2016/SUXRECLA/000031 Suxestión para instalación de randeireira de relaxación	Mobilidade, accesibilidade e e parques.	Iniciación 16/11/2016 Comunicación 16/12/2016 Finalización 3/01/2017 Arquivo 11/01/2016	Comunícase que as liñas de traballo van no camiño de buscar a integración das persoas con discapacidade nos espazos públicos, tamén nos espazos e áreas de lecer. Permite instalar eses xogos adaptados que son necesarios neste parque e noutros parques da cidade onde xa se foron instalando en anos pasados.
2	2016/SUXRECLA/000032 Suxestión considerando inoportuna a solta de aves no estanque das Palmeiras	M.A.Urbano	Iniciación 23/11/2016 Comunicación 27/12/2016 Finalización e arquivo 18/01/2017	Comunícase que se terá en conta tanto as súas aportacións en relación co benestar animal e a prevención das problemáticas que puideran xurdir do contacto destes animais coas persoas e con outros animais, así como as achegas formuladas por outros colectivos e veciños das que tivemos coñecemento
3	2017/SUXRECLA/000001 Queixa por falta ou inadecuada asistencia e apoio socio educativo polo equipo de Servizos Sociais do Concello	Oficina Técnica de Benestar Social	Iniciación 27/01/2017 Admisión e Notificación 2/02/2017 Informe 28/02/2017 Resolución e Notificación 6/04/2017	Remíteselle listaxe de varias citas concertadas ás que os/as interesados/as non acudiron nin avisaron e das ausencias da técnica asinada ó caso do seu posto de traballo por motivo de vacacións e días de libre disposición. Comunícanse as distintas actuacións levadas a cabo e programas previstos e o persoal que as integra.
4	2017/SUXRECLA/000002 Suxestión para o asfaltado de pistas e subministro de auga da traída nos lugares de Areas e Laxiñas na parroquia de Mourente	Concelleiro responsable da Parroquia Coordinador do Rural	Iniciación 2/02/2017 Admisión e Notificación 2/02/2017 Resolución e Notificación 31/03/2017	O concelleiro delegado dos servizos territorializados na parroquia mantivo unha reunión no seu despacho cunha delegación veciñal o día 14 de febreiro do presente ano na que se tratou o asunto obxecto da queixa. Feito que se comunica.
5	2017/SUXRECLA/000003 Reclamación pola non inclusión de solicitude para realización dun curso de lingua inglesa do Proxecto Iles	Servizo de promoción Económica	Iniciación 3/02/2017 Admisión e Notificación 3/02/2017 Informe 4/04/2017 Resolución e Notificación 7/04/2017	Remítese informe do técnico do Servizo de Promoción Económica. A solicitude foi presentada fóra de prazo. Foi recollida na sede de Promoción Económica na Casa da Luz. Pero indicar que o curso xa había iniciado e non quedaban nese intre mais prazos.
6	2017/SUXRECLA/000004 Suxestión polo risco de atropelo no paso de peóns da rúa Perfecto Feijoo no extremo de San Antoniño e acceso a praza de Barcelos	Policía Local	Iniciación 13/02/2017 Admisión e Notificación 21/02/2017 Informe 10 /0472017 Resolución e Notificación 18/04/2017	Comunícase informe no que considérase necesaria a implementación de elementos de calmado do tráfico, coa elevación de pasos de peóns e reductores de velocidade en tramos intermedios entre pasos. Non se aconsella a eliminación dun dos dous carrís de circulación xa que forman parte da estratexia para garantir a mobilidade cara a rúa San Antoniño cando o entorno de Barcelos atópase conxestionado
7	2017/SUXRECLA/000005 Reclamación polos requisitos de entrega da fotocopia do DNI, liquidación de taxa e publicación de expedientes	Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio	Iniciación 13/02/2017 Admisión e Notificación 21/02/2017 Informe 09/03/2017 Resolución e	Recoñécese como innecesaria a petición da fotocopia do DNI e no tocante á taxa dependerá da concreción polo interesado dos termos da súa petición. No relativo á publicidade activa, a lei 19/2013, no seu Capítulo II do Título I., relaciona no

		Histórico	Notificación 20/03/2017 Arquivo 24/03/2017	seus artigos 6, 7 e 8 unha serie de información de obrigada publicación e transparencia entre a que non se atopa exactamente o suposto relacionado
8	2017/SUXRECLA/000006 Reclamación pola demora das citas nos servizos sociais en Monteporreiro	Servizo de Benestar e Educación	Iniciación 16/02/2017 Admisión e Notificación 21/02/2017 Informe 6/03/2017 Resolución e Notificación 7/03/2017 Arquivo 28/03/2017	Comunícase que o tempo de garda para establecer unha cita é variable segundo o domicilio da persoa. En algunhas zonas a demanda de atención é superior a outras polo que a lista de garda nunhas pode ser dunha semana mentras que noutras de un mes ou mes e medio. A zona de Monteporreiro, UTS-05, a espera habitual está entorno ó mes. Nestas zonas cando se anula unha cita resulta que a espera se duplica no tempo.
9	2017/SUXRECLA/000007 Suxestión pola velocidade dos vehículos en Rosalía de Castro, carencia da calidade urbana e deficiencias na limpeza do barrio	Medio Ambiente Urbano	Iniciación 16/02/2017 Admisión e Notificación 8/03/2017	Pendente de informe
10	2017/SUXRECLA/000009 Reclamación para o acondicionamento da rúa Ángel Amor Ruibal	Concellaría da Parroquia	Iniciación 03/03/2017 Admisión e Notificación 18/04/2017	Pendente de información
11	2017/SUXRECLA/000012 Suxestión en relación coa tramitación das acometidas de saneamento e as consecuencias para os afectados	OTMAIES Viaqua Xestión trib.	Iniciación 16/03/2017 Admisión e Notificación 28/03/2017 Resolución e notificación 18/04/2017	Remíteselle informe do enxeñeiro xefe da OTMAIES e do servizo municipal de augas e información sobre participación a través da web para elaboración da nova ordenanza.
12	2017/SUXRECLA/000014 Suxestión de ampliación de aparcamentos de bicicleta	Mobilidade	Iniciación 21/03/2017 Admisión e Notificación 19/04/2017	Pendente de información
13	2017/SUXRECLA/000015 Queixa á Comisión Especial de Suxestións por falta de atención ás solicitudes de información relacionadas co centro de día da Asociación Rexurdir na rúa Cruceiro 17-baixo	Benestar Disciplina	Iniciación 27/03/2017 Informe benestar 3/04/2017 Informe disciplina 7/04/2017	Reitérase a información contida no informe do 04/11/2016, non consta iniciado expediente algún en relación a concesión de subvención para colaborar coa asociación Rexurdir Provincial en relación ao mantemento do centro de atención continuada.

2. RELACIÓN DE QUEIXAS DESESTIMADAS NA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN.

Núm.	EXPTE.	SERVIZOS	TRÁMITES	SOLUCIÓNS
1	2017/SUXRECLA/000008 Solicitude de pintado de liña amarela na entrada de vehículos de edificio	OTMAIES	Iniciación 27/02/2017	Derivouse á OTMAIES por ter consideración de solicitude.
2	2017/SUXRECLA/000010 Queixa por funcionamento do albergue de San Vicente Paúl na rúa Casimiro Gómez	Benestar	Iniciación 06/03/2017 Resolución e Notificación 21/03/2017	Comunícase que o Centro SSVP Calor y Café xestiónase pola Sociedade de San Vicente de Paúl, institución de carácter humanitario e benéfico social. As reclamacións deben dirixirse á presidencia da Conferencia Virxe Peregrina de San Vicente de Paúl na súa sede da rúa San Xulián desta cidade.
3	2017/SUXRECLA/000011 Suxestión en relación con falta de sinalización ou marquesiña na parada da Xunqueira	Patrimonio	Iniciación 07/03/2017 Resolución e Notificación 21/03/2017 Arquivo 30/03/2017	Declárase non proceder a admisión a trámite da solicitude, posto que este tramo da N550 é titularidade do Ministerio de Fomento, e o contido das suxestións e reclamacións deberán de referirse a actividades ou servizos de competencia municipal.
4	2017/SUXRECLA/000013 Reclamación en relación con pintadas en porta da súa propiedade na rúa Marques de Aranda e solicita instalación de cámaras de vixilancia na zona monumental		Iniciación 16/03/2017 Inadmisión e Notificación 18/04/2017	Comunícase non proceder a admisión a trámite posto que as comunicacións de incidencias ou accións sucedidas nun tempo e lugar determinado e as solicitudes dos interesados que pretendan o recoñecemento dun particular e concreto dereito, non teñen a consideración de suxestións e reclamacións. Sen prexuízo do traslado do seu escrito coas solicitudes de instalación de cámaras de vixilancia na zona monumental e da limpeza polos servizos de mantemento municipais de mobiliario de titularidade privada á concellaría responsable da área de Protección Cidadá, que comprende entre outros ámbitos funcionais, a coordinación e dirección directa da policía local e a limpeza viaria.

5	2017/SUXRECLA/000016 Queixa polas empresas que retiran os carteis de publicidade e os deixan sen recoller na beirarrúa na Avda. de Compostela	Patrimonio	Iniciación 28/03/2017 Inadmisión e Notificacións 5/04/2017	A titularidade dese tramo de estrada é do Ministerio de Fomento, non do Concello de Pontevedra. Polo que non é o organismo ao que lle corresponde a realización das tarefas de limpeza viaria. Nin é a policía local o corpo que ostenta a competencia de actuación na zona descrita.
----------	---	------------	--	---

3. RELACIÓN DE QUEIXAS EN TRÁMITE NOUTROS SERVIZOS OBXECTO DE SEGUIMENTO POLA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN.

Núm.	Núm. Rexistro	SERVIZOS	DATA	SOLUCIÓNS
1	2017007090 Solicita adopción de medidas en relación con palmeira de grandes dimensións no cemiterio de San Amaro e formula queixa por estado de abandono de panteón	Patrimonio Parques e xardíns	28/02/17	O servizo de Parques e xardíns inspeccionou o lugar e está a valorar a retirada da palmeira.
2	2017001227 Formula queixa por estado abandono inmoible na Avda. Marín 3-5- antigo hospital Marescot e solicita a súa limpeza e mantemento e vixilancia por parte da policía local	Disciplina Urbanística	28/02/17	Tramítase expediente para limpeza de predio no servizo de disciplina urbanística e ordenouse orde de execución aos propietarios. Trasládouse escrito á xefatura da policía local.
3	2017001164 Formula queixa por cheiros na praza Curros Enríquez dos sumidoiros e solicita adopción de medidas	AMAPO	13/01/17	Remitiuse ao servizo municipal de augas que xirou visita de inspección e arranxou o problema.

Pontevedra, 3 de maio de 2016.